



## Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

### Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 27/05/2015 13:20:28

ENTRADA 11936 / RX 991108



Sra. Directora Xeral de Conservación da Natureza  
Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e  
Territorio  
Xunta de Galicia

Serafin González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación,

### EXPÓN:

Que segundo recollen novas de prensa (por ex. La Voz de Galicia, edición Lugo, do 27-05-2015) e na propia web dos organizadores ([www.farinatorace.com](http://www.farinatorace.com)), o pasado sábado celebrouse a "Farinato Race Lugo 23-05-2015", carreira de obstáculos extremos:

- Que contou coa participación de máis de 700 corredores que, cun custe de inscrición de 36 euros por persoa, terían reportado aos organizadores uns ingresos superiores aos 25.000 euros.
- Que se celebrou en plena tempada de reprodución e crianza da fauna.
- Que incluiu unha proba consistente en arrastrar con cadeas neumáticos de automóvil ao longo da canle do río Rato, incluída na Reserva da Biosfera Terras de Miño, que é unha zona de cría de aves acuáticas e con presenza de *Gasterosteus aculeatus* peixe incluído na categoría de Vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
- Que a canle do río Rato, así como toda a flora e fauna que acubillaba, quedou literalmente arrasada despois da proba

Por todo o cal,

### SOLICITA:

Que a D.X. de Conservación da Natureza informe a SGHN acerca sobre as medidas que ten adoptado ou pensa adoptar para:

- Existir aos organizadores a reposición do ecosistema destruído ao seu estado previo.
- Evitar que sucesos semellantes poidan repetirse no futuro en calquera lugar de Galicia

En Santiago de Compostela a 27 de maio de 2015

Serafín González Prieto

Presidente SGHN